



CIRCULAR Nº 2/2006 SOBRE ACCIDENTES EN ACTO DE SERVIZO

Preámbulo

O pasado mes de novembro do ano 2005 publicouse a Orde do M.A.P. APU/3554/2005, de 7 de novembro (BOE nº 275 do 17 de novembro), pola que se regula o **procedemento de recoñecemento de dereitos derivados de enfermidade profesional e de accidente en acto de servizo** no ámbito do mutualismo administrativo xestionado por MUFACE. Co obxecto de poder organizar axeitadamente o procedemento de recoñecemento e notificación ás distintas administracións, e coa finalidade de poder aclarar as dúbidas que puideran xurdir na súa aplicación, esta Secretaría Xeral estima que convén ditar as seguintes **INSTRUCCIONS**:

I.- Ambito de aplicación

A normativa contida na orde do MAP APU/3554/2005, do 7 de novembro aplícase ao **persoal funcionario de carreira e funcionario en prácticas**, que ten a condición de mutualista obrigatorio e o seu réxime especial de seguridade social é o de Clases Pasivas do Estado.

O resto do persoal (basicamente **persoal interino e persoal non docente**) que ten a súa cobertura no Réxime Xeral da Seguridade Social, mantén o procedemento de parte de accidentes asistido e xestionado pola Mutua de Accidentes de Traballo.

II.- Obxecto

Serán obxecto de notificación todos os accidentes en acto de servizo do persoal sinalados no preámbulo desta circular con independencia das consecuencias últimas que puideran conlevar (falecemento, lesións incapacitantes permanentes ou non, etc.)

III.- Procedemento

1.- A notificación á Xefatura de Servizo de Persoal da Delegación Provincial correspondente (en adiante unidade de persoal) dun accidente en acto de servizo e enfermidade profesional, suporá a iniciación de oficio dun expediente de pescudas que concluirá nunha resolución cualificadora do accidente ou enfermidade profesional da que se dará coñecemento ao/á interesado/a e á dirección provincial de MUFACE, que continuará coa tramitación do recoñecemento de dereitos do mutualista, se fora o caso.

2.- Ante un caso de accidente, a dirección do centro onde ten destino o funcionario, informará á unidade de persoal da Delegación Provincial correspondente utilizando a

plantilla que se inclúe como **ANEXO I** da presente circular (e que estará a súa disposición na páxina web www.edu.xunta.es) e mediante un informe complementario se se lle require en función de que se aprecie especial gravidade no accidente ou responsabilidade de terceiras persoas.

3.- De seguido, e coa inmediatez que sexa posible, o/a interesado/a remitirá a unidade de persoal, a documentación que resulte necesaria para a instrución do expediente de pescudas que esixe a orde e que a continuación se relaciona:

- **Informe do accidente** ao que se refire o punto segundo do apartado III da presente circular.
- **Parte médico de asistencia tras lo accidente** (normalmente do servizo de urxencias)
- **Copia do primeiro “parte de enfermidade, accidente ou risco de embarazo”** que se puidera ter emitido, se o accidente requiriu licenza.
- **Declaración testifical** da/das persoas que presenciaron o accidente.
- No caso de que o accidente sucedera durante o traxecto habitual a/ou dende o domicilio ao centro de traballo, requirirase **atestado da policía ou garda civil**. Engadirase proba documental suficiente (autorización de residencia, censo, etc) coa que se acredite cal é o domicilio habitual do/da interesado/a.

4.- Para a debida instrución do expediente de pescudas, a Delegación Provincial poderá requirir informes complementarios aos servizos da Inspección médica ou Educativa, que axudarán á conclusión do expediente nos termos que determina a citada Orde.

5.- Encarécese que a remisión da documentación sexa tramitada a través do centro de destino, aos efectos de evitar a fragmentación do expediente e facilitar a súa rápida resolución en beneficio do/a interesado/a.

A Coruña, 23 de febreiro de 2006
O Secretario Xeral

Asdo.: Benito Fernández Rodríguez

ANEXO I

INFORME DE ACCIDENTE EN ACTO DE SERVIZO DE PERSOAL MUTUALISTA OBRIGATORIO (MUFACE)

2	DATOS DO MUTUALISTA ACCIDENTADO		
2.1	APELIDOS:		
2.2	NOME:	2.3	NIF:
2.4	GRUPO TITULACIÓN:	2.5	SITUACIÓN ADMINISTRATIVA: ACTIVO
2.6	POSTO DE TRABALLO		
	2.6.1	DENOMINACIÓN:	
	2.6.2	NIVEL DO COMPLEMENTO DE DESTINO:	
	2.6.3	PRINCIPAIS TAREFAS OU FUNCIÓNS:	
2.7	CENTRO OU UNIDADE ADMINISTRATIVA DO QUE DEPENDE O POSTO		
	2.7.1	DENOMINACIÓN DO CENTRO	
	2.7.2	ENDEREZO:	
	CONCELLO:		PROVINCIA: A CORUÑA
	C.P.: 15	TLFNO.:	FAX:

3	CIRCUNSTANCIAS DO ACCIDENTE (1/2)	
3.1	LUGAR NO QUE SE PRODUCIU:	
	UBICACIÓN DO POSTO DE TRABALLO:	
	NUN DESPACHO OU LUGAR PRÓXIMO DO MIEMO EDIFICIO. Especificar datos da ubicación (andar, nº despacho, unidade..):	
	NOS ACCESOS DO EDIFICIO: Detallar	
	DURANTE UN DESPRAZAMENTO EN COMISIÓN DE SERVIZO: Detallar	
	NO TRAXECTO A/OU DENDE O TRABALLO: Detallar:	
Detalle do lugar		
	RUA/PRAZA/Nº	
	ESTRADA/Km	
	MEDIO DE TRANSPORTE	
Detalle vehículo		
	VEHÍCULO PARTICULAR	marca/modelo matrícula
	AUTOBUS LIÑA	
	TREN LIÑA	
	OUTRO/S Especificar	

3	CIRCUNSTANCIAS DO ACCIDENTE (2/2)		
3.2	DATA:	HORA:	
3.4	ACTIVIDADE QUE ESTABA A REALIZAR O MUTUALISTA ACCIDENTADO:		
3.5	POSIBLES CAUSAS:		
	A)	LUGAR DE TRABALLO	
	B)	EQUIPOS TÉCNICOS, MÁQUINAS, MOBILIARIO	
	C)	MATERIAIS UTILIZADOS	
	D)	OUTRAS (especificar)	
3.6	LESIÓNS OU CONSECUENCIAS APRECIADAS INICIALMENTE		
	3.6.1	PARTE DO CORPO LESIONADA (táboa 6 anexo II OrdeTAS/2926/2002, 19.11)	
		Código: (*)	Descrición:
	3.6.2	DESCRIPCIÓN DA LESIÓN (táboa 6 anexo II orden TAS/2926/2002, 19.11)	
		Código: (*)	Descrición:
3.7	CAUSOU BAIXA NO POSTO DE TRABALLO	SI:	NON:

(*) A cubrir pola delegación provincial

A Dirección do Centro

Asdo.:

RESPOSTAS A PREGUNTAS FRECUENTES SOBRE ACCIDENTES EN ACTO DE SERVICIO E ENFERMIDADE PROFESIONAL

- ***¿É o mesmo accidente en acto de servizo que accidente laboral?***
Esencialmente a diferenza baséase na terminoloxía que é xusto de aplicar: se se trata de traballadores no réxime xeral da Seguridade Social, denomínase accidente laboral e é xestionado polas Mutuas Patronais de Accidentes Laborais; ou ben se se trata de funcionarios civís en réxime especial de Clases Pasivas do Estado, como sucede cos funcionarios de carreira docentes, non se xestionan ditas continxencias polas Mutuas de AA. LL.
- ***¿Son enfermidades profesionais todas aquelas que se contraían na práctica da actividade laboral?***
Non só se require que as enfermidades se contraían na práctica laboral senón que haberán de pertencer a unha listaxe taxada de enfermidades profesionais especificadas nas normas regulamentarias da Seguridade Social, que fan referencia sobre todo a exposicións reiteradas a substancias e produtos perniciosos.
- ***Non parece grave o accidente que sufrín, ¿Débese declarar?***
A Orde non discrimina a obriga de informar sobre o accidente con independencia das consecuencias que puidera traer. Se aparenta moi leve e non require asistencia médica de urxencia ou licenza por enfermidade, deberase remitir o parte informando de que “non requiriu asistencia médica”.
- ***¿Un infarto ou un derrame cerebral son accidentes laborais?***
Aínda que non estean definidos como tales especificamente, nin se poida establecer unha relación causal entre a actividade laboral e un suceso como os da pregunta, poderían ser cualificados como tales, sempre que acontezan no centro de traballo e así sexa a conclusión do expediente de pescudas que se instrúa tras a oportuna notificación mediante o esixido parte de accidente.
- ***Se sufro un accidente ¿Teño que solicita-lo recoñecemento del á Delegación?***
A Orde prevé que se proceda tanto a instancia de parte como de oficio e sempre en todo caso. Por iso e aínda que non resulte necesario, convén que o interesado ou persoa no seu nome o solicite, e preferentemente o faga o través do centro de destino, para non fragmenta-lo expediente e permitir unha mellor reunión documental.
- ***Se sufro un accidente de automóbil no traxecto de ou cara ao traballo ata o meu domicilio ¿É accidente en acto de servizo?***
Pode ser que se recoñeza tal condición, do mesmo xeito que así se recoñecen os denominados accidentes *in itinere* no ámbito xeral, e sempre a condición da acreditación de todas as condicións que vencellan o itinerario que se di (domicilio do traballador e do centro de traballo, vía, data, hora etc..) polo que haberá de resultar necesario un atestado de Policía ou Garda Civil como condición básica previa para o recoñecemento, aparte dos outros documentos que sexan requiridos para demostrar as condicións expostas.